

NOTIFICACIÓNS DO SERVIZO DE COMEDOR

1. Correccións do menú de setembro de 2021

- **Día 20:** No lugar de filete de porco, serviuse filete de tenreira.
- **Día 29:** No lugar de pescada á romana, serviuse salmón fresco a prancha con guarnición de arroz.
- **Día 30:** No lugar de chuleta de pavo, serviuse peituga de pavo empanada con ensalada de tomate e cebola.
- **Sobremesas:** os días de iogur tamén se ofreceu xelatina e compota.

Dende o comedor escolar apostamos polos produtos frescos cociñados no propio comedor, evitando alimentos elaborados procesados.

En canto ao peixe, procuramos aumentar a oferta de peixe fresco e reducir o conxelado. Así, cun mes de antelación non podemos especificalo, xa que dependemos dos prezos en lonxa.

Todos os meses, publicaremos os cambios que se producen no menú.

2. Recomendacións para usuarios e familias

- Se un alumno/a usuario de comedor vai a faltar procurar avisar ao centro durante a primeira hora da mañá, para reducir a cantidade de comida que despois hai que desbotar.
- Animar dende casa a probar os alimentos e comidas. Non se obriga a ninguén a comer pero deben probar todos os pratos na procura dunha educación do gusto no marco dunha alimentación equilibrada e saudable.

Grazas pola súa colaboración